

## A ESENCIA DA CIDADE

(...) “María puta”. Ao ver a pintada na parede sentiu afundir os ombreiros. “María puta”. Podería ser calquera, esa era a vantaxe de ter un nome común. Mais ela sabía que non era así. Sabía perfectamente que aquelas palabras se referían a ela. Sabíao porque coñecía a letra. Sabíao por onde e como estaba impresa. Nas ruínas da vella Frigsa, na parte que aínda ninguén tocara, apenas unha pasaxe para chegar como por un atallo dende a entrada lateral do parque ás pistas de tenis. O lugar por onde ela adoitaba baixar. Afectoulle. Sen dúbida era iso o que el pretendía (...)

Recorda perfectamente o día que comezaron a saír. Foi durante unha excursión a algures (Ourense?). A ela gustáballe, como non, era o rapaza máis guapo do instituto. Estaba na clase do lado. Amigo dunha amiga. Moitas rapazas querían saír con el. Estaban en segundo de B.U.P. e iso era o habitual. Ela nunca tivera moito xeito cos mozos. Pero naquela excursión aconteceu. El botou con ela toda a tarde dicíndolle parvadas e logo bicouna cando o bus chegou ao instituto. Sentiu que andaba polo aire. Ela. Ela! Bicouna a ela. Estaban saíndo. Eran mozos. Esa noite enteira non puidera durmir da emoción.

Poucos días máis tarde, unha compañeira de clase fíxolle saber a percepción xeral moi sutilmente: “Que raro se nos fai verte cun rapaz. E máis con Carlos!”. Por suposto, non se agardaba algo así dela. A moza que llo dixera era considerada unha das máis fermosas do instituto, e ela non era máis ca unha chapona á que lle gustaba andar cos rapaces pero non para mocear senón para xogar ao baloncesto, non gastaba minisaia nin maquillaxe nin ía á perruquería nin seguía as modas. Non tiña o caché suficiente para saír co mellor mozo do instituto. Mais así fora. E que? Alejandra, a amiga de Carlos que era a súa amiga, tamén estaba algo rara, mais non lle deu importancia. A fin de contas, que importaba? El estaba con ela. E víanse nos cambios de clase, e algunhas veces polas tardes, e as fins de semana. E todo era novo e excitante. Coñecelo. Bicarse. Ter alguén a quen contarlle o que pensaba. Todo iso. Que podía ir mal?

Lembraba á perfección cando e como empezou todo, só que estas son cousas que só se ven ou só se entenden cara atrás, como ollando por un retrovisor. Cousas imperceptibles no momento en que acontecen, cousas intranscendentes en aparencia. Un día, sen máis, polo poder do aleatorio, Carlos deixoulle de falar. Ela non entendía qué puidera facer mal. Obviamente estaba enfadado. Ela non entendía por que. Tentou falar con el, ser cariñosa, amosarlle un arrenpetimento por non se sabía que falta. As palabras de Alejandra quedáronselle espetadas:

- Eu sei o que lle pasa a Carlos pero non cho vou dicir porque me pediu que non cho contase. Pero só che digo que eu tamén estaría enfadada.

A angustia encollíalle o peito. Se ela o dicía daquela sería algo grave. Que podería ser que fixera que tanto lle molestara? Non aturaba a súa indiferenza. Ela quería. Así que o seguiu como un can, pregoulle e suplicoulle ata que el decidiu falarlle. Finalmente a verdade saíu á luz. O seu compañeiro de mesa romperá unha perna había unhas semanas e ela adoitaba levarlle á casa os apuntamentos e irlle facer compañía. O rapaz sentía ataques de ansiedade ao estar inmobilizado tanto tempo, afeito como estaba a facer moito deporte. Velaí estaba a orixe do enfado feroz. De non falarlle. De ignorala. Sen dicirlle unha palabra indicáralle o inapropiado do seu comportamento. Ela sentiuse confusa. Que había de malo niso? Pero non quería que se enfadase. Non quería velo así. Non quería facer nada que puidese incomodalalo. Se cadra era iso o que había que facer cando se saía con alguén. Por enriba de todo, non facerlle dano, claro. Así que se comprometeu a non ir máis facerlle compañía ao rapaz. Aí comezou a fin.

Ela adoitaba chegar á clase antes ca el. Falaba cos compañeiros. Sentaba na súa mesa. Cando el chegaba erguíase cun resorte, íao saudar. Sabía que non facelo era

motivo de penalización. Ao primeiro as penalizacións eran moi leves. Deixarlle de falar. Poñerlle mala cara. Mais axiña as penalizacións, incluso se o ía saudar, por unha cousa ou por outra, por algo mal feito aos seus ollos, comezaron a agravarse. A xente de clase comezou a pasar dela. Era “unha rara”. El un tío estupendo e simpático con todo o mundo. Ela comportábase como unha posesa, deixándoo todo para irle facer caso. As miradas reprobadoras do resto da clase fixéronse evidentes.

Adoitaban quedar os domingos. Sempre os domingos. Á parte do tempo de clase, das horas de estudo, do tempo nas pistas de tenis. Os domingos eran o día para ir dar unha volta. Quedaban no Squash, a tenda de deportes da avenida da Coruña, e logo ían camiñando ata o centro, ás veces entraban pola porta de San Fernando, outras decidían baixar ata a rúa Nova. Tomaban algo, daban voltas. Ás veces xogaban ás máquinas. Ían merendar ao Don Mac. A ela encantáballe bailar mais el non quería ir a discotecas. Decía que a xente alá estaba “de caza”, sempre buscando con quen mazar, e que eles -ela - non tiñan nada que cazar. E ademais non lle gustaba bailar. Así que ela deixou de ir ás discotecas, por moito que non entendese o de cazar. Pero se a el non lle gustaba ir, pola razón que fose, era abondo para pensar noutra cousa. Non era tan grave. Iso si, cando saían ela non deixaba que a convidase. Nin acompañala á casa ao principio. Sempre pensara que os rapaces non tiñan por que facer esas cousas. Parecíalle unha cousa machista evidente.

Un día ían camiñando por Bispo Aguirre, coa muralla ás costas. Cando chegaron á esquina do seminario empurrouna. En plena rúa.

- Por que mirabas a ese? - parecía un diálogo dunha mala película.
- A quen?
- A ese - e seguía unha descrición calquera irada, ameazante, a presión das súas mans nos seus brazos que xa sabía que lle habían deixar morados.

Ela baixaba a vista. Choraba.

- Non o mirei. Non o quería mirar. Por favor, non te enfades. Non mirarei a ninguén máis. Só terei ollos para ti.

E esa frase viuna moitos anos máis tarde case igual como título dunha película que non tivo valor para ver.

Os días eran sempre escuros. Porque nunca se sabía cando se ía desatar a ira dos ceos. Ela non quería que se enfadase. Quería que soubese que o quería. Pero el non a cría. Tiña sempre que demostralo. El aseguraba que ela o ía deixar calquera día, que xa vería, e ela insistía en xurarlle que non ía ser así. Que o quería sempre. Ás veces semellaba convencido. Outras, as máis, volvía coa sospeita. “Demóstrame que me queres” e ela abofé que se esforzaba prestándolle todas as atencións, poñéndoo por enriba de todo, axudándoo de todas as formas posibles. E cando non o demostraba, cando non actuaba como debera, e moitas veces mesmo cando o facía, el facíallo saber. Comezou a adoptar o costume de inflixirse dano a si mesmo. Mentres estaban en clase, imposible concentrarse na lección, collía a súa pluma e facía feridas nas mans. Para amosarlle a ela o seu enfado. A súa culpa ( a dela). Ou nos cambios de clase daba patadas nas portas, ata que un día rompeu unha. E os profesores pensaban que era un rapaz “conflictivo”, pero bo rapaz, que só estaba algo confuso pola idade. Claro que eles non entendían as olladas. Non entendían que cando ela chegaba ao instituto o mundo escurecía. Agora íaa buscar á casa todos os días, agardábaa a carón da gasoleira de San Rafael e subían polas rúas estreitas, ás veces enlamadas, polo campo, ata a entrada onde cada día a recibía o mosaico dedicado a Ánxel Fole. Non a deixaba a soas nin un intre. El aprendera e gravara en todas partes a letra grega “psi”. “Para sempre”. Estaba en todos os debuxos, coa súa forma de cáliz. Coa súa marca indefectible de non poder escapar. O instituto convertérase no inferno. Mais o inferno podía estar en todas partes.

Cando viña o bo tempo, baixaban ás pistas de tenis. Xogaban horas e horas con outra xente. Ela xa coñecía moi ben o seu deber. Ás veces estaban no fróntón, outras sentaba no muro do parque. Baixaba polo poste da luz cando caía unha pelota

recollela, para non ter que dar toda a volta. Quería pasalo ben. Mais era difícil. A ira errática estaba sempre ao axexo. Por iso o día que sen vir a nada lle tirou unha raqueta á cabeza (se cadra porque non lle ía moi ben no partido de dobres que estaban xogando e alguén tiña que pagar as consecuencias, quen sabe), diante doutros dous compañeiros de clase, non se inmutou. Sentiu a dor a fenderlle a cara, e o zunido de algo que xira no aire, inesperado. Os outros dous se cadra quedaron atónitos mais ninguén lle dixo nada. Ninguén quería meterse nos asuntos privados de Carlos. E niso era no que se convertera. Así que só houbo a dor e a vergonza, marchar para detrás do frontón e el logo detrás dela, máis tarde, para pedirlle perdón e prometerlle (que típico, só que daquelas ela non tiña nin idea de que o fose) que non volvería suceder máis. Igual que cando a agarraba polo pescozo ou lle daba unha labazada ou lle deixaba marcas nos brazos.

O día que a súa mai lle propuxo ir a Vigo visitar o seu irmán para pasar o primeiro de maio, ela xa tocara fondo. Rezaba todos os días para que o día fose ben. Para que hoxe Carlos por deus por favor pola virxe por todos os santos non se enfadase. Por favor. Para que as cousas fosen ben. Para que non dubidase do seu amor. Para que non tivese ciúmes, non había razón. Por favor, por favor. Así que ese día, coa proposta da súa mai, viu a treboada enriba da cabeza.

- Non sei se ir ...

Súa mai animouna. Por que non? Pasaríano ben, vería o seu irmán, coñecería Vigo. Ela non quería dicir as razóns, mais a súa mai insistiu, sen dúbida consciente do que calaba.

- Non creo que a Carlos lle guste ...

E por primeira vez nos últimos dous anos de inferno alguén lle fixo entender que o que vivía non era algo para aceptar. Alguén lle fixo entender que aquilo non era amor. E que era necesario saír do burato. Fixo a maleta para Vigo, co medo do regreso, non moi convencida das palabras pero aferrada a elas todo o que puido. E pasou a fin de semana en Vigo, e foi ao cine co seu irmán e respirou o aire do mar. A cidade non lle quedara dentro, estaba demasiado enleada coas súas calellas interiores nin sequera para ver o que a rodeaba. Pensando na volta e no que xa non podía adiar máis.

Por suposto as cousas non foron tan doadas.

- Que che estivo metendo túa mai na cabeza? -berroulle, cando ela lle dixo, despois dos días de reflexión, que non quería seguir así. Realmente, non tiña nin idea de como saír da situación na que se atopaba. O que máis temía, o seu enfado, cobrou dimensións maiúsculas. Xa o tentara outras veces, deixalo. Mais nunca o conseguira. Sempre estaba a mesma ameaza:

- Se me deixas, suicidareime.

E tiña medo de que o fixese, efectivamente. Mais as palabras da súa mai fixéranlle entender que a vida non tiña por que ser aquilo que se sucedía un día tras outro dende había xa para dous anos. Ela chegara a aceptar iso como a normalidade. Estaba finalmente convencida de que non valía nada, de que se Carlos se enfadaba era culpa súa, de que se rompía unha porta por suspender un exame porque ela non lle ensinara ben as cousas, debía aceptalo sen máis. Díxollo. Non quería seguir.

Foi á casa de Alejandra desfeita. El agardábaa no portal. Tiroulle a súa caixa de pinturas á cabeza. Diante de Alejandra. Pero esta, como o resto, decidiron que aquilo non tiña suficiente importancia e que se se comportaba así, algo lle faría. Así que a súa decisión foi acompañada do rexeitamento xeral. Abríase o foxo da soidade máis absoluta. Alá estaba ela. Soa. Subindo e baixando as escaleiras do instituto. El agardábaa na esquina da rúa un día tras outro. Ela non o quería ver. Agardaba sentado na fiestra da clase do segundo piso, ameazando con saltar. Ninguén entendía nin quería entender aqueles sinais. Seguían pensando que ela era unha rara e el estaba afectado por deixalo. Normal. Calquera se cabrea se o deixa a moza. Un día chamáralle puta polo corredor. Outro día, o día da entrega de notas, empurrouna no

medio da entrada, chea de xente. Ela fora ao cuarto de baño chorar e unha rapaza de clase coa que nunca se levara moito dixéralle:

- Ese tío é un porco. Pasa del.

En COU el deixou de vir a clase coa excusa de que estaba moi afectado pola ruptura. A lousa da culpa era tan intensa que ela case non se daba movido. Tamén o medo. Cada vez que o vía. Cada vez que chegaba á casa e sabía que el estaba alá fóra, agardando. Mais moveuse. Concentrouse nos estudos e na súa única paixón, as clases de inglés. Sen saber, por suposto, que esas dúas cousas e a cidade que lle dera escape serían o futuro. Moveuse. Non se deixou de mover. Non me deixei de mover (...)

*(Texto extractado do relato de María Reimóndez "A esencia da cidade", incluído no volume colectivo Camiñan descalzadas polas rochas, editado por Tris Tram e Amnistía Internacional)*